

Acta do Consello Municipal de Deportes:

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
9	Membros Consello Municipal	Salón de Plenos do Concello de Ames	30/04/2018 (20:00 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

ASISTENTES:

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	SI
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	SI
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	SI
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	
BERTAMIRÁNS F. C.	SI
MILLADOIRO S. D.	SI
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAIO	
CLUB BIDUÍDO S. R.	
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	
CLUB CICLISTA AMES	
VETERANOS AMES	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SI
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	SI
CLUB PATINAXE SARELA	
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	SI
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
ESCOLA DE TENIS AMES	SI
ESCOLA DE FÚTBOL SALA TRASGOS	SI
MASCOGUAU	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	
CLUB DEPORTIVO KAOS KRAV MAGA	SI
EEI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	
IES DE AMES	
IES DO MILLADOIRO	
CEIP DE BAROUTA	
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	
ANPA IES DE AMES	
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	SI
ANPA AGRO DO MUIÑO	
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
SERVIPLUS 2000	
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	SI
PP	SI
PACTOXAMES	
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervintes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois da aprobación da acta da acta anterior, o Alcalde foi introducindo os temas do día:

- Altas e baixas de novos membros do Consello

O alcalde informou que pasarían a formar parte do Consello de Deportes Municipal os mellores deportistas premiados na Gala do Deporte 2017, tanto feminino, Nuria Rábano Blanco, coma masculino, Tariku Novales Quintero.

- Presentación dos Orzamentos Municipais da Área de Deportes para o ano 2018

O alcalde fixo un resumo das distintas partidas destacando a subida na Promoción e fomento do deporte que ascende a 362.090 €, contía maior que no 2017, incluíndo todas as actividades deportivas e subvencións a entidades deportivas. Aclárase que o importe do Milladoiro SD é a cantidade a percibir multiplicada por dous, porque no 2017 non se lle concedeu. Tamén sube a partida de instalacións deportivas respecto a 2017, ascendendo esta a 568797,18 €, na que destacan respecto ao ano pasado, a adquisición de desfibriladores, obra de despachos, ximnasios, tarimas.... Ante isto último, Fernando Lizuain, presidente do CV Bruxas, interesase polo comezo das obras do chan da pista do Pavillón de Bertamiráns, aclarándolle o alcalde na situación na que se encontra e argumentando que está en trámite, debido á que primeira empresa estaba en baixa temeraria...

- División das Subvencións Municipais de concorrencia competitiva (Promoción de actividades e participación en actividade federada). Modificación das bases para premiar o deporte base.

Sobre este punto explícase o que se pretende facer coa convocatoria de subvencións, que sería dividir en dúas modalidades, actividades deportivas e actividade competitiva federada. Os cambios tamén dividirían a contía total en 50000 € para actividade federada (máximo 8000 € por entidade) e 25000 € para actividades deportivas (máximo 4000 € por entidade). Nos criterios de valoración incluíríase puntuación sobre deporte base (deportistas menores de 18 anos).

Despois desta explicación fíxose un breve debate sobre o cómputo de licencias e equipos XOGADE. A opinión da maioría foi que estes equipos compiten menos e que, os gastos, tanto de licencias, coma de competicións, son inferiores. Polo tanto, valorouse como mellor opción o non computar este tipo de licencias.

Aclarouse tamén que non se concederán subvencións por encima do importe de gasto total que poida xerar os distintos eventos, xa que a subvención municipal iría para cubrir os gastos que non se cubran pola actividade.

Recordar que a partir de agora as solicitudes faranse por rexistro telemático.

Estas bases serán enviadas por correo electrónico e, se non existen emendas, aprobaranse no seguinte Consello Municipal. Si existisen emendas valoraríanse tamén no citado consello.

- Modificación das condicións relativas ás escolas deportivas para os vindeiros cursos 2018/19 e 2019/20 (lei de contratos)

O alcalde informa que dita lei non afectaría ao vindeiro curso 2018/19 pero si ao seguinte 2019/20, xa que nese curso non poderán levar as escolas deportivas clubs deportivos que non funcionen como empresa. A oferta de escolas deportivas sacaríanse por lotes e unha mesma empresa soamente se podería presentar a dous lotes. Os que se presenten deberán funcionar como empresa e estar dados de alta como empresa, solvencia económica, ter contratos con monitores.... Para levar a diante isto, os clubs terían que valoralo durante este ano se non tería que sacarse para unha empresa. Deberíase saber que clubs estarían interesados en levar escolas deportivas con estas condicións, xa que de cara ao ano que ven habería que licitar todo o paquete de actividades das escolas deportivas municipais.

O representante do Xadrez Millarengo introduce o tema da modificación de ordenanzas de escolas deportivas para subir o prezo, ao que o alcalde argumenta que habería que reunir aos voceiros dos distintos partidos políticos para tentar chegar a un acordo.

Sobre a lei de contratos o alcalde fai a aportación de que habería que buscar un encaixe entre as escolas deportivas e a actividade dos clubs para intentar buscar solucións operativas ante a nova lei de contratos. Habería que buscar alternativas para levar a cabo dunha forma operativa o programa de escolas deportivas municipal.

- Presentación do proxecto "Máis Vida": adquisición de desfibriladores

Infórmase que se vai a facer un contrato cunha empresa para adquirir 4 desfibriladores, un para o Campo do Milladoiro, un para a Área deportiva de Bertamiráns, un para a Área Deportiva do Milladoiro e outro portátil para a Policía Local. Deste contrato tamén se vai derivar distinta formación necesaria para o uso dos mesmos con cursos para monitores, adestradores e persoal das instalacións deportivas para ter coñecemento de como utilizar os desfibriladores. Tamén se ten proxectado algún tipo de formación nesta materia en Centros escolares.

Neste proxecto tamén se vai englobar distintas actividades e infraestruturas que se van a desenvolver a curto- medio prazo, como son a implantación de espazos biosaudables, como poden ser sendas, circuítos e rutas no Paseo Fluvial de Bertamiráns e na Área deportiva do Milladoiro.

- Rogos e preguntas

A representante da ANPA de Barouta informa sobre a necesidade dunhas canastas e duns vestiarios para o pavillón para o colexio de Barouta. O alcalde responde que os investimentos non son competencias municipal nos colexios, soamente o mantemento. A representante da ANPA de Barouta tamén suxire que a actividade de patinaxe comece ás 16:30 horas porque antes desa hora xera problemas de organización dos nenos/as que acoden ao comedor. Tamén se queixou da monitora de judo, poñendo en dúbida a súa profesionalidade.

A representante de Patinaxe Omega fai a aportación, de facer a renovación das escolas deportivas en xuño. O alcalde responde que se vai estudar.

O representante do CV Bruxas pregunta cando se vai rematar a obra do ximnasio do pavillón de Bertamiráns, ao que o alcalde responde que deberá estar entregado antes do 30 de xuño.

O representante de Tennis Ames pregunta pola construción de novas pistas de tenis, ao que o alcalde responde que se van a construír dúas, en Aldea Nova, vía POS. Que xa está aprobado en Pleno e que agora a Deputación deberá aprobalo. Tamén pregunta este representante si se vai ofertar pádel nas escolas deportivas, ao que o alcalde responde que non se ten previsión diso.

O representante do Meigas FC pregunta sobre a conserxería do pavillón de Bertamiráns, ao que o alcalde responde que xa está feita a providencia de alcaldía e que se iniciou o procedemento para elaborar unha bolsa de conserxes, tendo previsto que para a semana que ven se poida incorporar o conserxe.

O representante de Basquet Ames solicita que as obras do chan do pavillón do Milladoiro, poidan comezar despois do 15 de xullo, para poder levar a cabo a actividade deportiva dos clubs.

O representante do Milladoiro SD tamén pregunta polas obras dos vestiarios das gradas do Campo de Fútbol do Milladoiro, ao que o alcalde responde que se tentará meter no POS do ano que ven, debido á elevada custo da obra.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

- Altas e baixas de novos membros do Consello.

- Presentación dos Orzamentos Municipais da Área de Deportes para o ano 2018

- División das Subvencións Municipais de concorrencia competitiva (Promoción de actividades e participación en actividade federada). Modificación das bases para premiar o deporte base.

- Bases da convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Ames para o ano 2018.

- Modificación das condicións relativas ás escolas deportivas para os vindeiros cursos 2018/19 e 2019/20 (lei de contratos)

- Presentación do proxecto "Máis Vida": adquisición de desfibriladores